

Acordanzas

José Balaca e Carrión (Cartaxena 1810 – Madrid 19 de novembro de 1869)

Cúmprese o **150 aniversario** da morte do pintor **José Balaca e Carrión**. Coincidindo con esta circunstancia o Museo Provincial dedícalle a súa sección **Acordanzas** e aproveita para considerar tamén a obra dos seus fillos **Eduardo e Ricardo Balaca e Orejas- Canseco**.

No MPL consérvanse tres obras da saga dos Balaca. Dúas delas atribuídas ao pai, José, e a outra ao seu fillo menor, Ricardo. As tres pinturas, tres retratos ao óleo sobre lenzo, atópanse actualmente na área de reserva de fondos de belas artes do museo, en proceso de estudo técnico, artístico e iconográfico, así como de avaliación do seu estado de conservación.



Retrato de cabaleiro

Atribuído a José Balaca
Óleo/lenzo
57'5 x 46'4 cm

Adquirido en 1956



Retrato do Sr. Seijo

1856
José Balaca
Óleo/lenzo
65'4 x 52'3 cm

Legado de Dna. Josefa
Seijo Serantes, entregado
polos seus testamenteiros
o 2 de decembro de 1943



*Retrato de Dna. Ramona
de Prado e Ozores.*

*Marquesa de San
Martiño de Ombreiro*
1869

Ricardo Balaca
Óleo/lenzo
72 x 58'6 cm
Doazón

En 1838 **José Balaca** xa se instalou en Madrid para estudar pintura na Real Academia de Belas Artes de San Fernando. Nese ano rexístranse os seus primeiros traballos como alumno da institución, onde pronto mostrou interese polo tratamento da figura e os rostros e, en consecuencia, polo xénero do retrato.

A pintura de **José Balaca** foi plenamente retratística. Ao longo da súa vida cultivou o retrato de encarga e mantivo especial dedicación aos de reducido formato, pequenos retratos portátiles ou de gabinete, miniaturas moi apreciadas para uso íntimo ou familiar que aos poucos serían relevadas polo daguerrotipo e o avance da fotografía.

Desde Madrid, José trasladouse a Lisboa coa súa muller, Cristina Orejas Canseco, e o seu fillo maior, Eduardo. Nesta cidade naceu en 1844 o seu segundo fillo, Ricardo. Durante a súa estancia en Lisboa José Balaca alcanzou certo recoñecemento como retratista. Tanto é así que recibiu o encargo de realizar un retrato oficial da raíña Dna. María II de Portugal a partir dun xa existente. A raíña condecorouno nomeándoo *Caballero da Orde de N. Senhora dá Conceiçao de Villa Viçosa*.

Tras a estancia en Lisboa, a familia residiría temporalmente en Londres e París, desprazada probablemente por cuestións políticas. En 1850 regresa a España e aséntase de novo en Madrid onde José renova con intensidade a súa actividade pictórica. En 1856 participou con varias pinturas na Primeira Exposición Nacional de Belas Artes española.

Probablemente a orixe galega, ferrolán, da muller de Balaca, Cristina, estableceu a vinculación familiar con Galicia. Sabemos das súas viaxes e estancias vacacionais e están documentados algúns retratos de distinguidos personaxes galegos da época.

En canto á técnica e ás características da pintura de **José Balaca**, sobresa a minuciosidade e o especial coidado nos detalles (adornos). Pero tamén acusa certa rixidez no debuxo, nas formas, moi relacionado todo iso coa intensa dedicación deste pintor ás miniaturas. Os seus retratos caracterízanse en xeral pola sobriedade da cor e a habitual utilización de fondos neutros.

Consérvase obra de José Balaca no Museo Nacional da Habana, no Museo de Belas Artes de Murcia, no de Belas Artes de Asturias, ou no Museo do Romanticismo de Madrid.

Eduardo (Madrid 1840 -1914) e **Ricardo** (Lisboa 1844 - Madrid 1880) iniciáronse na pintura xunto ao seu pai e como el cultivaron en abundancia o xénero do retrato. Eduardo ademais de pintor foi decorador e profesor da Escola de Artes e Oficios de Madrid. En colaboración co seu irmán Ricardo, realizou as pinturas para a cúpula da desaparecida igrexa madrileña do Bo Suceso, inaugurada en 1868 pola raíña Isabel II.

Participou en certames e exposicións e as súas obras recibiron mencións de honra nas Nacionais de Belas Artes de 1864 e 1867.

Ricardo Balaca está considerado como o máis talentoso pintor da saga. O Museo Provincial posúe unha obra súa, un interesante retrato de notables calidades pictóricas. A muller retratada é **Dña. Ramona de Prado e Ozores, Marquesa de San Martiño de Ombreiro**. Ricardo pintouno en 1869. O cadro formaba parte do lote de obras doadas ao museo en 2006 por D. José Antonio Ozores Souto, VII Marqués de Ombreiro, quen máis tarde renunciaría ao seu título nobiliario.

LY/Departamento de BB.AA